



UXÍO GARCÍA AMOR

Instituto de Estudos Chairegos - Vilalba

A SÚA VIDA É A MENSAXE



A SÚA VIDA É A MENSAXE

O 27 de marzo de 2015, o Instituto de Estudos Chairegos, a proposta da Xunta Directiva, acordou na Asemblea Xeral Ordinaria, por unanimidade das persoas asistentes, outorgar a don Uxío García Amor a condición de Socio de Honra pola súa exemplar traxectoria vital.

É para nós unha honra poder achegar ás
xentes este escrito que nos permite deixar
pegada da nosa admiración.
Vai por vostede!

É don Uxío un exemplo a seguir, e nos
tempos que andamos aínda máis. De carácter
tímido e pacífico, é sen dubida un espello
que reflicte sabedoría, tranquilidade, com-
preensión, tolerancia, empatía, amizade...



Persoa desprendida de bens materiais
nunha sociedade onde priman as máis das
veces intereses espurios, don Uxío mani-
festa a súa enorme grandeza dende a dis-
creción, lonxe da egolatría e do egoísmo.

Home de cultura onde os houber, de concordia,
de corazón limpo e nobre, merece situalo na
tribo dos bos e xenerosos do bardo Pondal e
atribuírlle os mellores adxectivos do catálogo
da xente da que paga a pena arrodearse.

Para as persoas de ben, goza da querenza e do
aprecio social pola súa enorme grandeza
humana e intelectual, por ter os pés apegados á
terra e ao país, por saber estar entre a xente, coa
xente, non por enriba dela.

Don Uxío pon a alma e o ser
altruistamente na comunidade sen
agardar recoñecementos de ninguén.

Sería ben que cultivásemos a súa
semente para enriquecemento dos
nossos valores humanos.

A súa vida é a mensaxe



ESTAMPAS DE VILALBA

O Castelo

Castelo de Vilalba, fiel castelo,
que nos gardas coa sombra do teu sol,
que acendes cada día o teu farol,
e fas de cada pedra o teu desvelo.

Castelo dos castelos, un martelo
foi pasando a túa pel polo crisol,
para que brile co mellor remol
ese corpo que tí luces sen velo.

Xa nos deches fulgor coa túa historia,
xa nos honras coa túa fidalguía.
Vilalba reza en tí o seu rosario
nos misterios de dor e nos de gloria.
Parador e castelo en armonía:
mil primaveras máis na túa memoria!



A Pravia

A pravia de Vilalba fai un prado
no medio desta urbana galanura,
e dalle nome e vida á comisura
do noso camiñar engaiolado.

Un niño de paxaros sempre alado
resoa entre o verdor da súa espesura,
e pon nas nosas festas a dozura
e a sombríña na feira e no mercado.

Nosa pravia, que estás aquí pretiño,
nosa pravia, que ves na lonxanía,
e oriénta-los ruciros de Vilalba,
madruga tí por nós en cada alba,
descánsanos no medio do camiño,
e garda os nosos soños noite e día.

A súa vida é a mensaxe





O Feirón ven da noite cara ó día,
e madruga nas rúas e nas prazas.
Tráenos frescas verduras e fogazas,
e aleda os tenderetes coa armonía.

ˆTendeiros e clientes a porfía
trafican coas cebolas e as cabazas.
Os queixos coas galiñas e coas tazas
axúntanse en fraterna sintonía.

Qué alegre este Feirón da nosa chaira,
onde todo se ofrece en baratura,
e colle cadaquén o que lle presta!
Voltarán os labregos á súa aira,
sabendo que mercaron con xeitura,
e da feira fixeron unha festa.

A fiestra

Algunhas veces, mirando á miña fiestra,
penso nunha breve pantalla derretida.
Nun retazo -mental e transparente- de cristais,
que á forza de aguantar ollos tras ollos,
ríndese ao final cansado e desgarrado.

E penetra a insistencia das cousas
pola abertura fresca como un chorro
de sangue irrestañable.
Estrela, nube, xente... Todo axita
as invisibles voces nesta carne.

Soamente cribando a luz e a sombra
salvarei o meu silencio e e o meu soño.



O piano

Xa redondo o acorde.

Xa subindo

por esta escaleira musical que lle dá forma.

Lentamente resoa,

rebuscándolle os últimos acentos
á palabra armonizada nos meus dedos..

Plenario xa o instante.

Desde as teclas do piano vai rodando
hacia o mar azul do soño.

Dese soño que lambe coas súas augas
o monótono correr dos vellos días.



Vai rodando hacia o mar.

E corre e corre...

E deixa unha espuma rumorosa
que se axeonlla á beira do silencio.

O calendario

Exactamente diáfanos
os teus números no panel da miña mesa.

Arrinco cada día esa folliña
que resume tantos gozos e tristuras.
E vai con ela o meu feliz encontro
coa primavera que segue ao inverno,
e co outono que recolle o verán,
enroscándose nos meus dedos día a día.

Monocorde tictac do teu reloxo
que marca os meus traballos e descansos.
Cando me deixarás vivir sen horas
a feliz eternidade do que espero?



UXÍO GARCÍA AMOR



Don
Uxío no
acto de presen-
tación do Caderno
de Estudos Chairegos,
nº 6



Don Uxío no acto de homenaxe
a Sara Jato Álvarez



A súa vida é a mensaxe



UXÍO GARCÍA AMOR



A súa vida é a mensaxe



Don Uxío no acto de
presentación do libro de Bernardo
García Cendán, *Unha alborada nova*,
no ano 2013



UXÍO GARCÍA AMOR

A súa vida é a mensaxe



Don
Uxío no
acto de inaugu-
ración da exposi-
ción *Tal como eramos* do
ano 2018



Don Uxío asistindo
á Asemblea Xeral
do Iescha do ano 2021,
unha das moitas
ás que asistiu

[Video homenaxe a
UXÍO GARCÍA AMOR](#)



Cartaz do acto do entrega a
D. Uxío da placa de Socio de Honra
do Iescha, no ano 2015







Texto, fotos e video

IESCHA

Poesías

Uxío García Amor

Música que soa

Chopin - Vals en La menor, B. 150, Op.post